

# REVISTA MENSUAL

## HORTOCOLIÑA

OCTUBRO 2018

Cada mes repartiremos a nosa revista Hortocoliña. Onde poderas atopar diversas noticias.

### BENVIDOS!

*-Comeza unha nova etapa.*

*Son as 9:45 da mañá, no C.E.I.P Sigüeiro escoitanse berros e algún que outro choro. Que está a pasar? Os alumnos de educación primaria e infantil comezan o curso 2018/19.*

*Os máis pequerrechos que aínda non se dan conta de onde están, comezan a escola e outros como os de sexto de primaria rematana. Pero...aínda queda! Desexamosvos un ano con sorte a todos, e moitas emocións.*

### DÍA DAS BIBLIOTECAS

*O 24 de outubro foi un día moi especial, no que o patio parecía unha biblioteca xigante. Todo o colexio baixou a ler os libros que os profesores colocaron no patio ou os que elixiron os nenos na nosa biblio.*

### EXHIBICIÓN NO POLIDEPORTIVO.

*O día 5 de outubro os alumnos do CLUB PATIN OROSO deleitaronos con unha magnífica exhibición de hockey sobre patíns e patinaxe, Aia, Laura, Carla, Iván, Asier, Lucas, Sergio, Uxuri, Rui, Marta, Carla, etc... son algúns dos artistas do noso cole.*



### O HORTOCOL EMPEZA A FUNCIONAR.

*Os rapaces do CEIP de Sigüeiro traballan duro para limpar as parcelas. Recollen cabazas, calabacíns, tomates, etc,*

*Temos unha mascota chamada Hortocoliña, e xa empezamos a plantar as nosas parcelas. No mes de novembro imos abrir unha clase para sementar.*



### CHEGOU O MAGOSTO

*Chegou o magosto, como todos os anos decidiuse facer unha edición máis de traer unha cabaza, vasoira ou espiga disfrazada.*

*Este ano as cabazas tiñan que vir disfrazadas de "A través do tempo".*

*Tamén hai unha novidade que é que os alumnos van poder votar a cabaza, espiga ou vasoira máis terrorífica e ben traballada.*

### QUINTAS DE ESPAÑA

*O día 9 de novembro unha alumna, María Feijoo, estivo en Murcia no campeonato de España de Ximnasia Rítmica.*

*Competíu en conxunto contra 94 equipos, conseguiron unha nota altísima dun 11.800. Estiveron primeiras durante toda a mañán e remataron o día cun quinto posto. Noraboa!*